

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 10/2019 (6/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA, REALIZADA O VENRES 29 DE NOVEMBRO DE 2019 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da AdV de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA
FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA
RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ
MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO
MARGARITA RAMILO VARELA
CARLOS BARBEITO REY

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ
JESUS JAVIER CETINA MOCHALES
LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretario do Concello:

DIEGO GARCIA DOVAL


NON ASISTE

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO (PP)

[A solicitude do señor Alcalde, tamén está presente na sesión a técnica de Administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares]

HORA DE INICIO: 20:33

HORA DE REMATE: 22:00



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:33 do venres 29 de novembro de 2019, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 26 de novembro de 2019 e, tendo en conta o acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión 10/2019 (6/2019 do mandato 2019-2023), ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA


Parte resolutiva da sesión

- 1.-** Aprobación das actas das sesións anteriores cuxos borradores foron remitidos aos/ás membros da Corporación.
- 2.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación de modificación do proxecto da obra “*Proxecto de mellora de vias nas parroquias de Tabeaio e Sergude*” e de solicitude á Deputación Provincial da Coruña da súa aprobación con cargo ao seu Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019.
- 3.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación de modificación do proxecto da obra “*Proxecto de mellora de vias na parroquia de Santo Estevo de Paleo*” e de solicitude á Deputación Provincial da Coruña da súa aprobación con cargo ao seu Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019.
- 4.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de solicitude ao Ministerio de Fomento de cesión gratuíta ao Concello de Carral de dous treitos da antiga N-550.
- 5.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de iniciación, no que corresponde ao Concello de Carral, de expediente para a constitución dunha agrupación cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 6.-** Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 7.-** Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 8.-** Rogos e preguntas.

Antes de comezar o tratamento da orde do día, o señor Alcalde explica que por non funcionar o sistema de administración electrónica da Deputación (TEDeC) o 20 de novembro de 2019, non se puido realizar a convocatoria da preceptiva comisión informativa até o día seguinte e, por tanto, houbo que retrasar a realización de tal sesión ao 26 de novembro de 2019 e esta sesión plenaria ao 29 de novembro de 2019 (en lugar do 28, como estaba previsto).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Parte resolutiva da sesión

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES CUXOS BORRADORES FORON REMITIDOS AOS/ÁS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 6/2019, extraordinaria organizativa, do 04 de xullo de 2019 e 9/2019, extraordinaria, do 21 de outubro de 2019.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta .

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE TABEAIO E SERGUDE” E DE SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO SEU PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2019.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de novembro de 2019, como segue:


“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación de modificación do proxecto da obra “Proxecto de mellora de viais nas parroquias de Tabeaio e Sergude” e de solicitude á Deputación Provincial da Coruña da súa aprobación con cargo ao seu Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019.

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 28 de setembro de 2018 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, que foron publicadas no BOP nº 188, do 02 de outubro de 2018.

Logo de ver que, mediante unha circular do 28 de setembro de 2017 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 02 de outubro de 2018, nº 2.067), se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 551.748,13 euros (Achea provincial 2019: 209.644,03 €; Achea provincial 2018: 198.122,16 € (Asignación: 90.127,51 €; Baixas/Anulac 107.994,65 €); Préstamo provincial 2019: 143.981,94 €).

*Logo de ver que, con base en tales antecedentes, o Concello de Carral, mediante acordo plenario do 19 de decembro de 2019 solicitou a participación no devandito plan POS+2019 incluíndo, entre outras, con cargo á achega provincial 2018 (investimentos financeiramente sostibles), a obra definida no “Proyecto de mejora de viales en las parroquias de Tabeayo y Sergude”, **(Proxecto de mellora de viais nas***



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

parroquias de Tabeaio e Sergude), elaborado polo arquitecto técnico Colexiado nº 1.810, Diego Manuel Rivas Rodríguez (quen o asina dixitalmente con data do 03 de decembro de 2018)..

Logo de ver que, segundo a circular do 29 de abril de 2019 da Deputación Provincial da Coruña sobre a aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+2019, o ente provincial aprobou a inclusión en tal plan da referida obra solicitada, á que se lle asignaron os seguintes datos:

Código de obra: 19.2000.0135.0
Denominación: Mellora vias parroquias de Tabeaio e Sergude
Importe: 61.439,00 € (Que corresponde ao 100% á Deputación)

(Condicionada ás autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e da DX de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia)

Logo de ver que, polas circunstancias que se explican no expediente, **antes de terse licitado a obra, xurdiron necesidades que esixen a modificación do proxecto de obra.**

Logo de ver que, a tales efectos, a base 8 par 2º das aprobadas que rexon o plan POS+2019 establece que "(...)Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta unincremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello ou un compromiso do seu financiamento."

Logo de ver que, a tales efectos, se redactou o "Modificado de proxecto de mellora de vias en las parroquias de Tabeaio y Sergude" (Modificado de proxecto de mellora de vias nas parroquias de Tabeaio e Sergude) elaborado polo arquitecto técnico Colexiado nº 1.810, Diego Manuel Rivas Rodríguez (quen o asina dixitalmente con data do 02 de novembro de 2019), **sen variar o orzamento inicial da obra e, sen necesidade de conformidade de contratista ou de informe da Secretaría contrario sensu, por non estar licitado o correspondente contrato de obra.**


Logo de ver en canto á **necesidade técnica de modificación do proxecto**, o informe técnico emitido con sinatura electrónica do 21 de novembro de 2019 polo arquitecto do Concello, Félix Alberto Quijano Yáñez, no que se indica, entre outras cuestións, o seguinte:

"(...)OUTRAS CUESTIÓN

Informe sobre a necesidade técnica da modificación do proxecto e descritivo do contido da modificación

O proxecto orixinal precisaba a autorización da dirección xeral de patrimonio, e esta autorización foi denegada e precisaba para a súa consecución un aumento significativo do orzamento da obra toda vez que no informe do servizo técnico de patrimonio, se sinalaba que " Entendo necesario que nos tramos que se ensanchan se defina un viario peonil de polo menos un metro de ancho que, nos tramos de solo rústico, se pavimentará con saburra ou terra compactada. Nos tramos nos que se atravesen solo de núcleo rural tenderase á introdución de pavimentos tradicionais como o formigón lavado con áridos do lugar, salvo que existan evidencias de pavimentos tradicionais, en cuxo caso, se favorecerán actuacións de restauración e recuperación. Outra opción posible para estes últimos é a utilización de pavimentos de terrizo continuo natural de composición formada por "calcín" de vidro, reactivos básicos e árido calibrado, tipo "Aripaq" ou semellante, respectuosos co medio ambiente e que proporcionan unha boa estética na contorna.

Non se considera axeitada a utilización de pavimentos de asfalto coloreado, formigón impreso coloreado ou semellantes



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Xustificarse axeitadamente no proxecto que as obras non supoñen un perigo de destrución ou deterioración do Camiño nin dos seus elementos funcionais (peches, muros, cómaros, valos, pasos etc.). De acordo ao sinalado no art. 77 da LPCG vixente, procurarase o uso da traza dos Camiños como sendeiro peonil, destino que será compatible coa súa utilización como vía ecuestre ou como vía para vehículos sen motor, aspectos que deberán terse en conta no proxecto de ampliación da traza."

Polo tanto o Concello decidiu cambiar a actuación para actuar sobre o entorno do Campo de fútbol municipal de O Polígono de os Capelos, que é unha zona de moito tránsito pola demanda do campo de fútbol (adestran todas as categorías do equipo de fútbol do Carral). Conséguese con iso que a actuación programada produza un beneficio ao maior número de usuarios posible.

O modificado do proxecto non supón un incremento do orzamento de contrata, posto que a nova actuación proposta, axustouse ao importe do vía que se elimina.

O modificado do proxecto presentado, pretende no entorno do Campo de fútbol municipal a adecuación da plataforma que serve de acceso e aparcamento, mediante triple rega asfáltica e saburra artificial, en tanto que na vía de a Revolta ao límite do concello se mellora o firme da vía mediante a aportación de saburra artificial, e capa de rodadura a base de mestura asfáltica en quente. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 5.B.3.1.

Logo de ver o referido novo informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con sinatura electrónica de data 21 de novembro de 2019 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, no que, ademais do mencionado en canto á necesidade técnica da modificación, se indica " (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS

O modificado do proxecto precisa autorización de augas de Galicia xa que as obras da vía de A Revolta ao límite de concello, se van a realizar en zona de afección de un regato que desemboca no río Brexa, e a actuación de acondicionamento no campo de fútbol dos Capelos, tamén precisa autorización de augas de Galicia xa que as obras, se van a realizar en zona de afección de un regato que tamén desemboca no río Brexa. A autorización se solicitou o día 21 de novembro de 2019 con número de rexistro no SIR 20199000001573

SUPERVISIÓN TÉCNICA


Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LOTES (marcar o que proceda)

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:
- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
 - Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
 - Outros motivos técnicos (especificar)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.

.(...)
".

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do proxecto modificado (anexo VI), emitido con sinatura electrónica do 21 de novembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a memoria económica da Alcaldía, con data de sinatura electrónica do 19 de novembro de 2019, sobre o modificado do investimento financeiramente sostible (anexo VII).

Logo de ver o "informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado" (anexo VIII), emitido en relación con este modificado do proxecto pola Interventora do Concello con data de sinatura electrónica do 19 de novembro de 2019, coa seguinte "Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible".

Logo de ver, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 19 de novembro de 2019 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do modificado do proxecto cuxa aprobación se solicita, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

Logo de ver, por último, o informe emitido aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia con sinatura electrónica de data 21 de novembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto do Concello de Carral, D. Félix Quijano Yáñez, e pola técnica de administración xeral do Concello de Carral, D^a Sonia Campos Ares, no que se indica que

(...)Autorizacións sectoriais:

A autorización urbanística enténdese sen prexuízo das preceptivas autorizacións sectoriais.

O proxecto ten que contar coa autorización de Augas de Galicia. A autorización se solicitou o día 21 de novembro de 2019 con número de rexistro no SIR 20199000001573

Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para o "MODIFICADO DO PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS NA PARROQUIA DE TABEAIO E SERGUDE", nos termos indicados neste informe.
(...)"


Á vista da devandita documentación e segundo as bases 8.par 2º e 5ª das que regulan o POS+ 2019, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS

1.- Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, o **Modificado de proxecto de mellora de viais nas parroquias de Tabeaio e Sergude** que se describe na parte expositiva destes acordos.

2.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña a aprobación da referida modificación, segundo o establecido na base 8 par 2º das que regulan o plan POS+2019.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do modificado do investimento, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (por ter solicitado as autorizacións sectoriais



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

preceptivas).

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obra modificada incluída no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento do modificado desta actuación incluída neste Plan.

6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 5/2019, ordinaria, realizada o 26 de novembro de 2019, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PSdeG-PSOE) e coa abstención do señor representante do grupo municipal do PP e da señora concelleira non adscrita (que supoñen cinco votos: 4 votos PP e 1 da señora concelleira non adscrita en voto ponderado, segundo o indicado).


O señor Alcalde explica que se propón a modificación do proxecto da obra, xa que a pista de Lameiras está afectada polo Camiño Inglés e Patrimonio non autorizou a obra como estaba planteada. Por outra banda, engade que é probable que algúns organismos coma a Fundación Juana de Vega e outros vaian financiar a mellora do Camiño nesa zona, polo que se propón substituír esa parte do proxecto por unha actuación para achanzar e asfaltar a zona do Campo de Fútbol dos Capelos.

DEBATE

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) indica que xa manifestou na comisión informativa o que tiña que dicir.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) reitera que, como explicou o señor Alcalde, o proxecto tivo un informe desfavorable de Patrimonio, e hai outros organismos que poderían financiar a obra de xeito máis acorde, polo que se propón cambiar a actuación para o contorno do Campo de fútbol dos Capelos, que ten moito uso.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) manifesta que lle parece ben que se arranxe o acceso ao campo de fútbol. Indica que, en calquera caso, cómpre arranxar o treito da Lameira que se elimina do proxecto, xa que se están a amañar



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

continuamente as súas fochancas, aínda que hai que facelo coas condicións que fixa Patrimonio. Engade que existe un desenvolvemento urbanístico para Panadería Da Cunha, cun plan especial que inclúe ese proxecto. En calquera caso, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable á proposta.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión (todos/as os/as que compoñen a Corporación, agás o señor Fernández Balseiro, do grupo municipal do PP, que non asiste á sesión), adoptando os seguintes acordos:

1.- Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, o **Modificado de proxecto de mellora de viais nas parroquias de Tabeaio e Sergude** que se describe na parte expositiva destes acordos.

2.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña a aprobación da referida modificación, segundo o establecido na base 8 par 2º das que regulan o plan POS+2019.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do modificado do investimento, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (por ter solicitado as autorizacións sectoriais preceptivas).


4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obra modificada incluída no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento do modificado desta actuación incluída neste Plan.

6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS NA PARROQUIA DE SANTO ESTEVO DE PALEO” E DE SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO SEU PLAN PROVINCIAL DE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2019.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de novembro de 2019, como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación de modificación do proxecto da obra “Proxecto de mellora de viais na parroquia de Santo Estevo de Paleo” e de solicitude á Deputación Provincial da Coruña da súa aprobación con cargo ao seu Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019.

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 28 de setembro de 2018 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, que foron publicadas no BOP nº 188, do 02 de outubro de 2018.

Logo de ver que, mediante unha circular do 28 de setembro de 2017 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 02 de outubro de 2018, nº 2.067), se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 551.748,13 euros (Achega provincial 2019: 209.644,03 €; Achega provincial 2018: 198.122,16 € (Asignación: 90.127,51 €; Baixas/Anulac 107.994,65 €); Préstamo provincial 2019: 143.981,94 €).


Logo de ver que, con base en tales antecedentes, o Concello de Carral, mediante acordo plenario do 19 de decembro de 2019 solicitou a participación no devandito plan POS+2019 incluíndo, entre outras, con cargo á achega provincial 2018 (investimentos financeiramente sostibles), a obra definida no “Proyecto de mejora de viales en las parroquia de San Esteban de Paleo”, (**Proxecto de mellora de viais na parroquia de Santo Estevo de Paleo**), elaborado polo arquitecto técnico colexiado nº 1.810, Diego Manuel Rivas Rodríguez (quen o asina dixitalmente con data do 03 de decembro de 2018).

Logo de ver que, segundo a circular do 29 de abril de 2019 da Deputación Provincial da Coruña sobre a aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+2019, o ente provincial aprobou a inclusión en tal plan da referida obra solicitada, á que se lle asignaron os seguintes datos:

Código de obra: 19.2000.0137.0
Denominación: Mellora viais parroquia de Santo Estevo de Paleo
Importe: 52.554,00 € (Que corresponde ao 100% á Deputación)

Logo de ver que, polas circunstancias que se explican no expediente, **antes de terse licitado a obra, xurdiron necesidades que esixen a modificación do proxecto de obra.**

Logo de ver que, a tales efectos, a base 8 par 2º das aprobadas que rexen o plan POS+2019 establece que “(...)Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello ou un compromiso do seu financiamento.”.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Logo de ver que, a tales efectos, se redactou o “Modificado de proxecto de mejora de viales en la parroquia de San Esteban de Paleo” (Modificado de proxecto de mellora de viais na parroquia de Santo Estevo de Paleo) elaborado polo arquitecto técnico colexiado nº 1.810, Diego Manuel Rivas Rodríguez (quen o asina dixitalmente con data do 07 de novembro de 2019), **sen variar o orzamento inicial da obra e, sen necesidade de conformidade de contratista ou de informe da Secretaría contrario sensu, por non estar licitado o correspondente contrato de obra.**

Logo de ver en canto á **necesidade técnica de modificación do proxecto**, o informe técnico emitido con sinatura electrónica do 21 de novembro de 2019 polo arquitecto do Concello, Félix Alberto Quijano Yáñez, no que se indica, entre outras cuestións, o seguinte:

“(…)OUTRAS CUESTIÓN

Informe sobre a necesidade técnica da modificación do proxecto e descritivo do contido da modificación

O proxecto modificouse debido a que a vía do local social de Paleo ao límite do concello transcorre por unha zona na que hai un regacho, e o proxectista do proxecto primitivo, realizou a toma de datos e a visita ao lugar para a redacción do proxecto en época de bo tempo, levaba tempo sen chover. Posteriormente realizouse visita á zona, podéndose comprobar como a zona próxima ao regacho, estaba completamente asolagada de auga, facendo moi complicado transitar polo camiño (mesmo a pé). Emendar este contratempo supón a realización de traballos que supoñerían un aumento considerable do custo da obra e que non se contemplaron durante a realización do proxecto.

Debido ao anteriormente exposto, se decidiu non executar as obras na vía de Local Social de Paleo ao límite de concello, propoñéndose a realización de obras noutra vía, a vía de Grela de Paleo ao lugar de O Quenllo, o cal se atopa nun núcleo de poboación con máis densidade de poboación e con máis tránsito, o que redundará no beneficio de maior número de usuarios.

O modificado do proxecto non supón un incremento do orzamento de contrata, posto que a nova actuación proposta, axustouse ao importe da vía que se elimina..

O modificado do proxecto presentado, pretende a mellora de dous camiños; para o que se proxecta dotalos de cunetas, a mellora da base mediante a subministración e compactación de saburra artificial, drenaxe lateral na formación de cunetas, e mellora na capa de rodadura, ben mediante tripla rega asfáltico ou con mestura asfáltica en quente. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 5.B.3.1.”

Logo de ver o referido novo informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con sinatura electrónica de data 21 de novembro de 2019 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, no que, ademais do mencionado en canto á necesidade técnica da modificación, se indica “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS


O proxecto non precisa mais autorizacións sectoriais para a súa realización, que a aprobación do Concello.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

LOTES (marcar o que proceda)

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.(...)

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do proxecto modificado (anexo VI), emitido con sinatura electrónica do 21 de novembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a memoria económica da Alcaldía, con data de sinatura electrónica do 21 de novembro de 2019, sobre o modificado do investimento financeiramente sostible (anexo VII).

Logo de ver o "informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado" (anexo VIII), emitido en relación con este modificado do proxecto pola Interventora do Concello con data de sinatura electrónica do 20 de novembro de 2019, coa seguinte "Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible".

Logo de ver, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 21 de novembro de 2019 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do modificado do proxecto cuxa aprobación se solicita, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

Logo de ver, por último, o informe emitido aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia con sinatura electrónica de data 21 de novembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto do Concello de Carral, D. Félix Quijano Yáñez, e pola técnica de administración xeral do Concello de Carral, D^a Sonia Campos Ares, no que se indica que "(...) **Autorizacións sectoriais:**


A autorización urbanística enténdese sen prexuízo das preceptivas autorizacións sectoriais. Segundo o indicado no artigo 147 da LSG, as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor. O proxecto non precisa mais autorizacións sectoriais.

Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; **infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para o "MODIFICADO DO PROXECTO DE MELLORA DE VIAS NA PARROQUIA DE SANTO ESTEVO DE PALEO", nos termos indicados neste informe. (...)**.

Á vista da devandita documentación e segundo as bases 8.par 2º e 5ª das que regulan o POS+ 2019, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


- 1.- Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, o **Modificado de proxecto de mellora de vias na parroquia de Santo Estevo de Paleo** que se describe na parte expositiva destes acordos.**
- 2.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña a aprobación da referida modificación, segundo o establecido na base 8 par 2º das que regulan o plan POS+2019.**
- 3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do modificado do investimento, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.**
- 4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obra modificada incluída no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.**
- 5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento do modificado desta actuación incluída neste Plan.**
- 6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**
- 7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.."**

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 5/2019, ordinaria, realizada o 26 de novembro de 2019, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), do PSdeG-PSOE e da señora concelleira non adscrita (que supoñen nove votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 3 PSdeG-PSOE e a señora concelleira non adscrita) e coa abstención do señor representante do grupo municipal do PP (que supón 4 votos en voto ponderado, segundo o indicado).

O señor Alcalde explica que o proxecto orixinario contén obras detrás do Centro de Saúde e unha vía de Ponte Lago- Centro de Ans e que, cando se mirou o camiño nesa zona estaba seco, mais está afectado agora por fontes e intransitable, de xeito que o seu arranxo esixiría incrementar o orzamento, nunha obra que non consideran moi necesaria. Por iso, propónse substituír ese camiño polo asfaltado doutro xa aperturado, da Grela de Paleo ao Quenllo.

DEBATE

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) manifesta que a proposta lle parece unha mellora para os veciños de Coiro en relación cun vial aberto polo anterior equipo de goberno, e que o de Ans non tería tanta utilidade coma ese, polo que anuncia o seu voto favorable á proposta.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que, ademais, no modificado a cero inclúese a preinstalación para a iluminación pública, con tubo e arquetas, para non ter que voltar furar cando se poñan as farolas co novo orzamento. Coida que se trata dunha zona moi utilizada coma atallo polos veciños que van do Quenllo a Carral, e que a obra que se substitúe necesitaría un saneamento importante e non hai alí vivendas.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) pregunta se a obra da Cañota do punto anterior si queda aprobada, ao que o señor Alcalde lle resposta afirmativamente. Opina que é máis que necesario para esa pista que se abriu con medios municipais, e que ten algúns problemas de pendente, polo que non sabe se están previstas escolleiras. Coida que é un proxecto importante, mais pide que non esquezan a pista de Ans ao Bordón e que se teña en conta para o seguinte POS, xa que non era un capricho, senón unha demanda dos veciños de Quembre, Ponte Lago e do norte de Paleo, Ans ou O Casal, que teñen propiedades por alí. Engade que o voto do seu grupo vai ser favorable á proposta.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión (todos/as os/as que compoñen a Corporación, agás o señor Fernández Balseiro, do grupo municipal do PP, que non asiste á sesión), adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, o **Modificado de proxecto de mellora de viais na parroquia de Santo Estevo de Paleo** que se describe na parte expositiva destes acordos.
- 2.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña a aprobación da referida modificación, segundo o establecido na base 8 par 2º das que regulan o plan POS+2019.
- 3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do modificado do investimento, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obra modificada incluída no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.
- 5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento do modificado desta actuación incluída neste Plan.
- 6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FOMENTO DE CESIÓN GRATUÍTA AO CONCELLO DE CARRAL DE DOUS TREITOS DA ANTIGA N-550.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de novembro de 2019, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de solicitude ao Ministerio de Fomento de cesión gratuítta ao Concello de Carral de dous treitos da antiga N-550.

Logo de ver que o artigo 49 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas (do Estado) establece que

"Artículo 49 Entregas a los ayuntamientos de tramos urbanos de carreteras

1.-Las carreteras del Estado o tramos determinados de ellas se entregarán a los ayuntamientos respectivos en el momento en que adquieran la condición de vías urbanas. El expediente se promoverá a instancia del ayuntamiento o del Ministerio de Fomento y será resuelto por el Consejo de Ministros. Excepcionalmente podrá resolverlo el titular del citado departamento cuando existiere acuerdo entre el órgano cedente y el cesionario.

2.-No obstante lo dispuesto en los apartados anteriores, el Ministerio de Fomento y las entidades locales respectivas podrán convenir lo que estimen procedente en orden a la mejor conservación y funcionalidad de tales carreteras o tramos de ellas."


Logo de ver que, pola súa banda, o artigo 127 do Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Reglamento General de Carreteras, vixente no que non se opoña á disposición legal antes mencionada, establece o seguinte:

"Artículo 127 Conversión en vías urbanas

1. Las carreteras estatales o tramos determinados de ellas se entregarán a los Ayuntamientos respectivos en el momento en que adquieran la condición de vías urbanas. El expediente se promoverá a instancia del Ayuntamiento o del Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente y será resuelto por el Consejo de Ministros. Excepcionalmente, podrá resolverlo el titular del citado Departamento cuando existiere acuerdo entre el órgano cedente y el cesionario (artículo 40.2).

2. A los efectos de este artículo, se considera que una carretera estatal o un tramo determinado de ella adquieren la condición de vía urbana si se cumplen las dos siguientes condiciones:

a) Que el tráfico de la carretera sea mayoritariamente urbano.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

b) Que exista alternativa viaria que mantenga a continuidade da Rede de Carreteras del Estado, proporcionando un mejor nivel de servicio.”.

Logo de ver, asemade, a Orde do 23 de xullo de 2001, pola que se regula a entrega aos Concellos de treitos urbanos da Rede de Estradas do Estado, tamén vixente no que non se opoña á disposición legal antes mencionada.

Logo de estudar este Concello os seguintes treitos en travesía da antiga N-550:

-Travesía de Ponte Lago (antiga N-550), do pk 19+050- saída da actual N-550- a pk.19+800 -entrada a actual N-550.

-Travesía de Herves (antiga N-550), do pk 20+600 -saída da actual N-550- a pk.21+350 -entrada a actual N-550.

Estimando este Concello que ditos treitos son travesías nas que a actual N-550 se desenvolve en varinte por fóra dos núcleos poboacionais e que, polotanto, ambos treitos cumpren as condicións indicadas nas disposicións normativas mencionadas:

a).-Os treitos son travesías, con tráfico local ou urbano.

b).-Actualmente a N-550 discurre en variante por fóra do núcleo poboacional, e que por tanto se mantén a continuidade da Rede de Estradas do Estado cun mellor nivel de servizo.

Por todo o antedito, procede a aplicación da referida Orde do 23 de xullo de 2001, pola que se regula a entrega aos Concellos de treitos urbanos da Rede de Estradas do Estado, na que se indica que “ Los Ayuntamientos podrán solicitar la transferencia de la titularidad de un tramo de carretera que haya adquirido la condición de vía urbana (...)En la mencionada solicitud deberá constar el nombre y el cargo de la persona facultada para la firma del acta de entrega”, que a Dirección Xeral de Estradas analizará a procedencia da entrega e que, unha vez aprobe o Ministerio de Fomento a entrega dos treitos, designará un representante para proceder á formalización da acta de entrega. A continuación asinarase un convenio por ambas partes no que se regulen as condicións da cesión. Coa sinatura do Convenio, o Concello acepta a transmisión da titularidade da vía, o que se formalizará coa sinatura no mesmo acto da correspondente acta de entrega.


Á vista de todo o que antecede, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS

1).- Aprobar, posto que se cumpren as circunstancias indicadas na Orde Ministerial do 23 de xullo de 2001, a solicitude ao Ministerio de Fomento da aplicación do procedemento da devandita orde ministerial para que o Concello de Carral obteña a cesión gratuita da titularidade dos seguintes treitos da antiga N-550:

-Travesía de Ponte Lago (antiga N-550), do pk 19+050- saída da actual N-550- a pk.19+800 -entrada a actual N-550.

-Travesía de Herves (antiga N-550), do pk 20+600 -saída da actual N-550- a pk.21+350 -entrada a actual N-



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2).- Designar ao señor Alcalde do Concello de Carral para representar a esta entidade local en todos os trámites seguintes ao inicio do presente procedemento, facultándoo en especial para a sinatura da acta de entrega que se realice no seu intre.

3).-Remitir este acordó ao Ministerio de Fomento a través da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia..”


A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 5/2019, ordinaria, realizada o 26 de novembro de 2019, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PSdeG-PSOE) e coa abstención do señor representante do grupo municipal do PP e da señora concelleira non adscrita (que supoñen cinco votos: 4 votos PP e 1 da señora concelleira non adscrita en voto ponderado, segundo o indicado).

O señor Alcalde explica que o que se propón é solicitar ao Ministerio de Fomento a cesión gratuíta dos treitos da antiga N550 que discorren polos núcleos urbanos de Herves e Ponte Lago, coa condición de que os deixen arranxados antes de pasaren a ser municipais.

DEBATE

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) expón que xa comentou na comisión informativa que, na súa opinión, non se debería traer este asunto ao Pleno, pois xa foi aprobado hai doce anos, e xa se foi a Madrid para tratar o expediente dúas veces, polo que coida que se debería retomar o expediente que xa está aberto e “*non enredar ao Secretario*”, pois xa está todo remitido. Opina que é mellor que metan unha partida orzamentaria para que os veciños de Ponte Lago e Beira non teñan que seguir sufrindo, aínda que xa tivo a idea o anterior Alcalde e levan esperando doce anos e, na súa opinión, “*daba vergoña metelo nos programas electorais*”. Así, pide ao equipo de goberno municipal que colla o expediente, “*que xa pasou por Rajoy, Zapatero, Rubalcaba e non sabe quen máis*”, e que non volten empezar, e opina que, se ten que pagar o Concello as obras, que as pague, pois, na súa opinión, “*é lamentable como está*”. Considera que hai que respectar o traballo xa feito e continuo.

O señor Alcalde replica que parece mentira que a señora Duarte leve dezaseis anos no Concello, pois non se pode tocar un vial do Ministerio de Fomento e un expediente que se empeza, aos tres meses está caducado e hai que retomalo. A señora Duarte replica que parece que a menospreza, ao que o señor Alcalde resposta que “*nunca*”. A señora Duarte opina que se debería poñer ao Ministerio a condición de que entregue os treitos arranxados e que, no caso de que non vaia ser así, sexa o Concello o que os arranxe.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


O señor Alcalde manifesta que non pode asfaltarse todo o que se pida, e que hai procedementos que regulan esas cesións, de xeito que se tentará que Fomento asfalte os treitos, mais se non o fai, solucionarase como se poida.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) indica que descoñecía a existencia dese expediente, mais que, se aos tres meses está caducado, aos doce anos "xa nin lle digo". Explica que houbo unha orde ministerial que mudou o procedemento e que, ou o arranxo o fai o Ministerio de Fomento ou, segundo a devandita orde, daría uns 207.000 € por quilómetro, que, ao seu xuízo, é unha cantidade suficiente para o firme e máis. Engade que oxalá teñamos algún día un Goberno en España e que saia adiante. Explica que hai compromisos para que os treitos se entreguen arranxados. Por outra banda, explica que, se fosen de titularidade do Concello, os veciños xa non terán que pedir permisos a Fomento. Engade que se retoma a cuestión porque pensan que é importante, e explica que, por exemplo, Fomento deulle ao Concello de Culleredo o treito dende Alcampo aos *outlets*, polo que considera que hai posibilidades de que tamén o fagan neste caso. Conclúe manifestando que é o seu traballo intentalo e que por iso o fan.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) manifesta que a orde ministerial non é de 2011, senón de 2001, da época de Álvarez Cascos e que aínda fala de millóns de pesetas. Lembra que, sendo el Alcalde, en xuño de 2004 solicitouse a no tempo da ministra Magdalena Álvarez, segundo esa orde, que se cedesen finalizados os treitos ou co diñeiro para arranxalos (que se cifraba nuns 48 millóns de pesetas naquel tempo), e que en abril de 2010 reiteraron a solicitude en Pleno, e o ministro "Pepe" Blanco non fixo caso. Engade que posteriormente faláron coa ministra Ana Pastor e que lles transmitiu que cederían os treitos, mais que tiña que asumir o Concello os gastos. Explica que o solicitaron continuamente ao Xefe da Demarcación de Estradas e ao Xefe de Conservación (Sr. Toba), aínda que eran máis ambiciosos, pois tamén solicitaban os "sobreanchos" dos treitos que hai cara ao Canedo, que non rozan normalmente ou que non están en perfectas condicións, xa que se deposita lixo neles. Asemade, explica que hai unha "Casa de Camineros" ou legoeiros en Ponte Lago que lles transmitiron que tampouco tiñan inconveniente en entregar. Indica que, porén, foron conversar coa ministra Ana Pastor, mais estiveron esperando a contestación sobre a cesión cun orzamento duns 350.000 euros para deixar os treitos en condicións aceptables, con iluminación, beiravías, carril bici e algún banco para humanizalos. Engade que o seu grupo votará a favor da proposta e que, haxa Goberno ou non, hai que seguir insistindo para acadar a cesión. Opina, por último, que non se pode esperar máis, para telo en conta no orzamento de 2020, no POS ou noutras subvencións.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión (todos/as os/as que compoñen a Corporación, agás o señor Fernández



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Balseiro, do grupo municipal do PP, que non asiste á sesión), adoptando os seguintes acordos:

1).- Aprobar, posto que se cumpren as circunstancias indicadas na Orde Ministerial do 23 de xullo de 2001, a solicitude ao Ministerio de Fomento da aplicación do procedemento da devandita orde ministerial para que o Concello de Carral obteña a cesión gratuita da titularidade dos seguintes treitos da antiga N-550:

-Travesía de Ponte Lago (antiga N-550), do pk 19+050- saída da actual N-550- a pk.19+800 -entrada a actual N-550.

-Travesía de Herves (antiga N-550), do pk 20+600 -saída da actual N-550- a pk.21+350 -entrada a actual N-

2).- Designar ao señor Alcalde do Concello de Carral para representar a esta entidade local en todos os trámites seguintes ao inicio do presente procedemento, facultándoo en especial para a sinatura da acta de entrega que se realice no seu intre.

3).-Remitir este acordo ao Ministerio de Fomento a través da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE INICIACIÓN, NO QUE CORRESPONDE AO CONCELLO DE CARRAL, DE EXPEDIENTE PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA AGRUPACIÓN COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BERGONDO E MIÑO PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURARÍA, QUE OCUPARÁ UN/HA FUNCIONARIO/A DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de novembro de 2019, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de de iniciación, no que corresponde ao Concello de Carral, de expediente para a constitución dunha agrupación cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Logo de ver que os artigos 2 e 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece, no que se refire á función pública de Tesouraría, o seguinte:

"Artículo 2 Funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales

1.-Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, las siguientes:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

b) Intervención-Tesorería, comprensiva del control y la fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, **tesorería y recaudación**. (...)

3. Corresponderán a los **funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional las funciones necesarias**, dentro de su ámbito de actuación, para garantizar el principio de transparencia y los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad económico-financiera.(...)

Artículo 14 Tesorería

1.-En las Corporaciones Locales cuya Secretaría esté clasificada en primera o segunda clase, existirá un puesto de trabajo denominado Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones enumeradas en el artículo 5 de este real decreto.

2.-Los puestos a que se refiere el apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional de la subescala de Intervención- Tesorería.

3.-Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.ª y 3.ª, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.

4.-Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 3.ª podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de tesorería-recaudación en todos los municipios agrupados.

Este puesto está reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, de la subescala de Secretaría-Intervención.


Será aplicable a estas agrupaciones la misma regulación establecida para las agrupaciones de Secretaría e Intervención, en los artículos 9 y 12 de este real decreto.”.

Considerando que os artigos 165, 166 e 167 da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de administración local de Galicia, prevén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional; e que o artigo 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, como se indicou, establece no seu punto 3º que “Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.ª y 3.ª, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.(...)”

Considerando o desenvolvemento da citada previsión legal nos artigos 11, 12 e 13 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (agora nacional).

Considerando que, de conformidade coas disposición legais e regulamentarias citadas, que prevén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional nas entidades locais cuxo volume de servizos ou recursos sexa insuficiente, por criterios de economía, considerando a capacidade económica do Concello, o seu potencial de recursos propios limitado e que boa parte das funcións da Tesouraría do Concello de Carral están arestora delegadas na Deputación Provincial da Coruña, sendo porén posible o sostemento do posto de tesourería en común mediante achega da parte alíquota que se determine nos custes que orixine, xunto cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño, e tal como se ten exposto na xuntanza previa levada a cabo coa Subdirectora xeral de réxime xurídico local da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, quen chegou os trámites a seguir e un modelo de estatutos que regulen a agrupación.

Considerando o disposto nos artigos citados e a regulación contida nos artigos 11, 12 e 13 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, que permiten a agrupación voluntaria de municipios cuxa secretaría sexa de clase segunda para o sostemento en común do posto de Tesourería.

Atendendo a que, segundo a normativa básica de aplicación, corresponde ás corporacións locais realizar as modificacións necesarias para que o posto de tesourería se clasifique pola Comunidade Autónoma como posto agrupado reservado á Subescala correspondente da Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, debendo procederse á creación ou modificación do posto de Tesoureiro polo Pleno da Corporación, previa a dotación orzamentaria correspondente de conformidade co procedemento establecido pola lexislación de réxime local autonómica, a cal deberá aprobar a clasificación do posto e a súa inscrición no rexistro de posto de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.


Por todo o exposto, logo de ver a posibilidade de agruparse cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño, en razón de todo o exposto e vista a regulación existente en relación ás agrupacións voluntarias para ou sostemento en común de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional por parte do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e o Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (agora nacional).

Á vista de todo o que antecede, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS

- 1).-Iniciar, no que corresponde ao Concello de Carral, o expediente para a creación dunha agrupación voluntaria intermunicipal con obxecto de soster en común o posto de Tesouraría cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño.**
- 2).-Remitir este acordo aos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño, aos efectos da realización das negociacións necesarias para a posible agrupación das Tesourarías dos catro concellos.**
- 3).-Designar ao señor Alcalde-Presidente, coma representante do Concello de Carral na Comisión paritaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Miño que se constitúa para entablar as negociacións tendentes á elaboración dos Estatutos da agrupación e que estará formada por catro membros, un por cada concello, asistidos polos secretarios/as e interventores/as dos respectivos concellos.."**

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 5/2019, ordinaria, realizada o 26 de novembro de 2019, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), do PSdeG-PSOE e da señora concelleira non adscrita (que supoñen nove votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituír esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 3 PSdeG-PSOE e a señora concelleira non adscrita) e coa abstención do señor representante do grupo municipal do PP (que supón 4 votos en voto ponderado, segundo o indicado).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Alcalde explica que mantivo unha reunión cos Alcaldes de Abegondo, Bergondo e Miño para a creación dunha agrupación para o sostemento da Tesouraría, que estará adscrita a Bergondo, que xa a ten prevista na súa relación de postos de traballo. Engade que a Carral lle correspondería un 25% das retribucións para incluílo no orzamento, pois coida que a este Concello lle chega con que a persoa que ocupe o posto lle preste servizos un día á semana.

DEBATE

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) e o señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifestan que non precisan de intervir.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) manifesta que lle parece ben a proposta, pois hai que cumprir a lei, e lembra que, dende a “Lei Montoro”, “andan enriba” desa cuestión. Engade que, nas Administracións Locais, quen ocupe a Tesouraría debe ser obrigatoriamente un funcionario con habilitación nacional, e que compartilo con outros concellos lle parece unha idea magnífica, na que di que xa levaban traballando moito tempo.


VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión (todos/as os/as que compoñen a Corporación, agás o señor Fernández Balseiro, do grupo municipal do PP, que non asiste á sesión), adoptando os seguintes acordos:

- 1).**-Iniciar, no que corresponde ao Concello de Carral, o expediente para a creación dunha agrupación voluntaria intermunicipal con obxecto de soste en común o posto de Tesouraría cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño.
- 2).**-Remitir este acordo aos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño, aos efectos da realización das negociacións necesarias para a posible agrupación das Tesourarías dos catro concellos.
- 3).**-Designar ao señor Alcalde-Presidente, coma representante do Concello de Carral na Comisión paritaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Miño que se constitúa para entablar as negociacións tendentes á elaboración dos Estatutos da agrupación e que estará formada por catro membros, un por cada concello, asistidos polos secretarios/as e interventores/as dos respectivos concellos.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

6.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A solicitude do señor Alcalde, o Secretario do Concello expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 24 de setembro de 2019 e o 26 de novembro de 2019 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno.

Asemade, dáse conta dun reparo suspensivo da Intervención do Concello, e da resolución (nº 422/2019) adoptada pola Alcaldía contraria a aquele, polos motivos que nela se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
414/2019	24/09/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 47/2019
415/2019	26/09/2019	ASUNTO: XUSTIFICACION PAGAMENTO A XUSTIFICAR 13/2019
416/2019	26/09/2019	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 14/2019
417/2019	26/09/2019	ASUNTO:TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000018730 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
418/2019	26/09/2019	ASUNTO:AUTORIZACION PAGAMENTO A XUSTIFICAR 15/2019.
419/2019	26/09/2019	ASUNTO:APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO SUBMINISTRO DE FOLLETOS INFORMATIVOS DO PROGRAMA DAS ESCOLAS MUNICIPAIS.
420/2019	26/09/2019	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO DE FACTURAS PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN "MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS" DA XUNTA DE GALICIA, CONVOCATORIA PARA O ANO 2019.
421/2019	26/09/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2019.
422/2019	27/09/2019	ASUNTO: LEVANTAMENTO DO REPARO SUSPENSIVO9/2019, EMITIDO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL, E APROBACIÓN DE FACTURAS
423/2019	27/09/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTA (CONSELLARÍA DE CULTURA E TURISMO) PROGRAMA B ORDE DO 3 DE DECEMBRO DE 2018 SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO E PARA A MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS, CON DESTINO ÁS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA
424/2019	30/09/2019	ASUNTO: CONCESIÓN URXENTE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A D. MANUEL VILLAMARÍN PÉREZ
425/2019	30/09/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 32/2019
426/2019	30/09/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 48/2019
427/2019	30/09/2019	ASUNTO: ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LA OBRA INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL NO LUGAR DE ABRIGOSA, SAN VICENTE DE VIGO, CARRAL (SUBVENCIONADA POR LA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE LA XUNTA DE GALICIA- SUBVENCIÓN PARA




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		A CREACIÓN E /OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2019.
428/2019	01/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 49/2019
429/2019	01/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA REFORMA DO TEITO DO PAVILLÓN DE DEPORTES DO COLEXIO VICENTE OTERO VALCÁRCCEL (SUBVENCIONADA POLA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA- 52.983,61 € SOBRE O ORZAMENTO TOTAL DE 73.883,91 €, IVE INCLUIDO- AO ABEIRO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ASINADO CO CONCELLO DE CARRAL AL EFECTO).
430/2019	01/10/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 14/2019 (5/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA, 03 DE OUTUBRO DE 2019
431/2019	01/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A CONTRATACIÓN DA ESCOLA CULTURAL DE TEARES E TAPICES PARA O CURSO 2019/2020 (DE OUTUBRO DE 2019 A MAIO DE 2020).
432/2019	01/10/2019	ASUNTO: APROBACION DO GASTO PARA A REPARACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE EQUIPO BIDIRECCIONAL DO ASCENSOR "GALIÑA AZUL"
433/2019	01/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 50/2019
434/2019	01/10/2019	ASUNTO: APROBACION DO GASTO PARA A CONTRATACIÓN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS NO CONCELLO DE CARRAL PARA O CURSO 2019/2020.
435/2019	01/10/2019	ASUNTO: APROBACION DO GASTO PARA O MONITORADO PARA A ACTIVIDADE DE XIMNASIA DE MANTEMENTO PARA A TERCEIRA IDADE DE OUTUBRO DE 2019 A MAIO DE 2020, NS PARROQUIAS DE TABEAIO E CARRAL
436/2019	02/10/2019	ASUNTO:AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 17/2019
437/2019	02/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE VIVIENDA PARA ESTUDIANTES DO PROGRAMA EUROPEO "CUERPO EUROPEO DE SOLIDARIDADE"ENTRE OUTUBRO DE 2019 E MARZO DE 2020.
438/2019	02/10/2019	ASUNTO: RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 8 (MARÍA DOLORES MOSQUERA BRANDARIZ)
439/2019	02/10/2019	ASUNTO: RENOVACIÓN INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 8 (AMERICAN STAFFORDSHIRE TERRIER - NALA- MARÍA DOLORES MOSQUERA BRANDARIZ)
440/2019	04/10/2019	ASUNTO: DEVOLUCIÓN DO IMPORTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS POR RENUNCIA Á LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA A REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DA VIVIENDA SITA EN O PIÑEIRO NÚMERO 18, SAN MARTIÑO DE TABEAIO.
441/2019	04/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL NO LUGAR DE ABRIGOSA, SAN VICENTE DE VIGO, CARRAL (SUBVENCIONADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL- XUNTA DE GALICIAAO ABEIRO DA ORDE DO 18 DE DECEMBRO DE 2018 CREACIÓN E /OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2019.
442/2019	04/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO AO VOLUNTARIO DO PROGRAMA EUROPEO DE SOLIDARIEDADE MICHELANGELO CALVARUSO OS GASTO DE BOLSILLO E DE MANUTENCIÓN CORRESPONDENTES O ANO 2019.
443/2019	07/10/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA AOS MEMBROS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN NOMEADOS NO PUNTO VII.2 DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE CARRAL PARA ESTUDANTES DO CURSO 2018/2019 PARA A EMISIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN QUE MOTIVE O OUTORGAMENTO OU A DENEGACIÓN DE DITAS AXUDAS A CADA UNHA DAS PERSOAS INTERESADAS.
444/2019	09/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A REALIZACION DAS ESCOLAS EDUCATIVAS DURANTE O CURSO 2019-2020.
445/2019	09/10/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (OUTUBRO DE 2019)
446/2019	09/10/2019	ASUNTO: APROBACION DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA A ACTIVIDADE CONTA XOGO INCLUÍDA NO PROGRAMA LER CONTA MOITO- IGUALDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO.
447/2019	11/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO Á VOLUNTARIA DO PROGRAMA EUROPEO DE SOLIDARIEDADE MATILDE GIOLLI OS GASTO DE BOLSILLO E DE MANUTENCIÓN CORRESPONDENTES O ANO 2019.
448/2019	11/10/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA AGOSTO DE 2019.
449/2019	11/10/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA AGOSTO DE 2019.
450/2019	11/10/2019	ASUNTO: EXTINCIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DONA. EDELMIRA BRANDARIZ GARCÍA
451/2019	11/10/2019	ASUNTO: REANUDACIÓN, TRAS SUSPENSIÓN TEMPORAL, DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D ^o MANUEL BARROS TORREIRO
452/2019	16/10/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 9/2019 (5/2019 DO MANDATO 2019-2023), EXTRAORDINARIA, 21 DE OUTUBRO DE 2019
453/2019	17/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DA XUNTA DE GALICIA, POR CANON DA AUGA
454/2019	17/10/2019	ASUNTO: APROBACION DO GASTO PARA A ORGANIZACION DA SESION DE CONTACTOS OS CONTOS DE CHUPETE, NO PROGRAMA SUBVENCIONADO POR LA XUNTA DE GALICIA LER CONTA MOITO
455/2019	17/10/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15/2019 (6/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA, 18 DE OUTUBRO DE 2019
456/2019	18/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA (AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI [AGADIC] CONSELLARÍA DE CULTURA E TURISMO) AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 9 DE ABRIL DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROGRAMA CULTURA NO CAMIÑO E SE CONVOCAN PARA O ANO 2019.
457/2019	21/10/2019	ASUNTO: APROBAR A CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS RELATIVOS AOS CUSTOS DE PERSOAL DA TÉCNICA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DAS ACTIVIDADES QUE POLO SERVIZO SE REALIZARON PARA INCLUÍR NA SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA (PL400A) E




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		APROBAR O CUMPRIMENTO DA FINALIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 15 DE MARZO DE 2019.
458/2019	21/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A CONTRATACION DE PERSONAL ADMINISTRATIVO QUE REALIZARÁ A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN NO PROCESO ELECTORAL ESTATAL, QUE SE CELEBRARÁ O PRÓXIMO 10 DE NOVEMBRO DE 2019 NO CONCELLO DE CARRAL.
459/2019	23/10/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAI E DEPORTIVAS (OUTUBRO 2019)
460/2019	23/10/2019	ASUNTO: SOLICITUD DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS EN RELACIÓN AOS PAGOS REALIZADOS PARA A EXCURSIÓN A SANTA MINIA DAS SEGUINTE PERSOAS USUARIAS: D. MANUEL VIDAL MOSQUERA E D. MANUEL HORACIO PREGO SERANTES
461/2019	23/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRAMENTO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 2º TRIMESTRE 2019
462/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXTINCIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DONA. MARÍA BARBEITO BREA
463/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 33/2019
464/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 51/2019
465/2019	23/10/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 53/2019
466/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 54/2019
467/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 55/2019
468/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 56/2019
469/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 57/2019
470/2019	23/10/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 58/2019
471/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 59/2019
472/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 60/2019
473/2019	23/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 52/2019
474/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 62/2019
475/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 64/2019
476/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 35/2019
477/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 36/2019
478/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 37/2019
479/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 38/2019
480/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 39/2019
481/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 40/2019
482/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 41/2019
483/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 42/2019
484/2019	24/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 61/2019
485/2019	25/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA FACTURA DE SANITAS, S.A DE SEGUROS CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO 2019.
486/2019	25/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 43/2019
487/2019	25/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 65/2019
488/2019	28/10/2019	ASUNTO: AGRUPACIÓN CO CONCELLO DE CAMBRE PARA A SOLICITUDE DUNHA AXUDA Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA [ORDE DO 16 DE SETEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS PROMOVIDOS POR CONCELLOS, MANCOMUNIDADES DE CONCELLOS OU AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO SA463G).

489/2019	28/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURAS PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN DO 2019 PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO.
490/2019	28/10/2019	ASUNTO: AUTORIZACIÓN DO PAGAMENTO A XUSTIFICAR Nº 18/2019
491/2019	28/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2019.
492/2019	30/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 63/2019
493/2019	30/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO DAS FACTURAS DO SEVIZO DE AXUDA NO FOGAR DA EMPRESA SIAD24 GALICIA S.L. CORRESPONDENTES O MES DE AGOSTO 2019.
494/2019	30/10/2019	ASUNTO: REDUCIÓN HORARIA SEMANAL NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D. CESAREO EIRÍS VARELA
495/2019	30/10/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 16/2019 (7/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA, 31 DE OUTUBRO DE 2019
496/2019	30/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO COS CONCELLOS DE ABEGONDO E BERGONDO PARA A AMPLIACIÓN DA XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA, DO 01 DE NOVEMBRO DE 2019 AO 31 DE OUTUBRO DE 2020 [AO ABEIRO DA CORRESPONDENTE SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA].
497/2019	30/10/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 44/2019
498/2019	31/10/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA (CONSELLARÍA DE CULTURA E TURISMO) AO ABEIRO DO PROGRAMA A DA ORDE DO 3 DE DECEMBRO DE 2018 (DIARIO OFICIAL DE GALICIA NÚMERO 245, DO 26 DE DECEMBRO), PARA ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO E PARA A MELLORA DAS COLECCIÓNS BIBLIOGRÁFICAS, CON DESTINO ÁS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA.
499/2019	04/11/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 66/2019
500/2019	04/11/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 67/2019
501/2019	05/11/2019	ASUNTO: DECLARACIÓN DE ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO INICIAL DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 1/2019 ENTRE APLICACIÓNS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO (MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 10/2019 DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA 2019)
502/2019	06/11/2019	ASUNTO: CONCESIÓN URXENTE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A Dª ISOLINA SÁNCHEZ ARÁN.
503/2019	06/11/2019	ASUNTO: CONCEDER AUTORIZACIÓN DE USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO A DONA RAQUEL VALLEJO LABRADOR (DNI 21504401E), EN REPRESENTACIÓN DE NEDGIA GALICIA S.A (A15383284), PARA DOTAR DE SUBMINISTRO DE GAS NATURAL CANALIZADO A UNHA NAVE INDUSTRIAL EXISTENTE NA RÚA INDUSTRIA P09, POLÍGONO DOS CAPELOS, CONCRETAMENTE NA PARCELA CON




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		REFERENCIA CATASTRAL 2683108NH5828S0001TF, E TOMAR RAZÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA DAS OBRAS NECESARIAS PARA REALIZAR O MENCIONADO SUBMINISTRO.
504/2019	06/11/2019	ASUNTO: CONCEDER A DONA MARÍA ORGEIRA GARCÍA LICENZA DE PARCELACIÓN PARA EXTRAER DUNHA FINCA DE ORIXE SITA NA CALLE, EN SAN XIÁN DE SERGUDE, DUNHA SUPERFICIE SEGUNDO RECENTE MEDICIÓN DE 9.409 M ² DÚAS PARCELAS SEGREGADAS (PARCELA 1 DE 2.628 M ² E PARCELA 2 DE 2.950 M ²) E UN RESTO DE FINCA MATRIZ DE 3.830 M ² .
505/2019	08/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 3 E DERRADEIRA DA OBRA REFORMA CONTORNA MONUMENTO AOS MÁRTIRES DE CARRAL (FINANCIADA AL 100%- 82.187,08 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA)
506/2019	11/11/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (NOVEMBRO DE 2019)
507/2019	11/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E DERRADEIRA DA OBRA CUBRICIÓN DE PISTA DE PÁDEL (SUBVENCIONADA POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL-AGADER- 5.845,16 €-, CON COFINANCIAMENTO DO FEADER- 19.483,88 €- E DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN -649,46 € (AXUDA GLOBAL DE 25.978,50 € SOBRE O ORZAMENTO TOTAL DE 51.956,99 €, IVE INCLUIDO)) AO ABEIRO DA MEDIDA LEADER DO PDR DE GALICIA 2014-2020, CONVOCATORIA 2018-2019, SUBMEDIDA 19.2).
508/2019	12/11/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DA TAXA POR PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS NO BOP DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA POLA EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2018.
509/2019	12/11/2019	ASUNTO: AUTOLIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DA TAXA DENOMINADA AUTORIZACIÓN EN VIAS PROVINCIAS DO EXPEDIENTE Nº2018000038098 CORRESPONDENTE Á OBRA MELLORA DE VIAIS NA PARROQUIA DE SAN VICENTE DE VIGO.
510/2019	12/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA (CULTURA E TURISMO) AO ABEIRO DA ORDE DO 26 DE ABRIL DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DA SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA QUE PROMOVAN A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E/ OU A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NAS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, PARA O ANO 2019 (CT236B).
511/2019	12/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA (CULTURA E TURISMO) ORDE DO 15 DE MARZO DE 2019 BASES REGULADORAS SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA, E SE CONVOCA PARA O ANO 2019 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CT236A)
512/2019	13/11/2019	ASUNTO: CORRECCIÓN DO DECRETO 511/2019, DO 12 DE NOVEMBRO, DE APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTA DE




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		GALICIA (CONSELLARÍA CULTURA E TURISMO) ORDE DO 15 DE MARZO DE 2019 SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA, ANO 2019 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CT236A)
513/2019	13/11/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 17/2019 (8/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA, 14 DE NOVEMBRO DE 2019
514/2019	13/11/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 45/2019
515/2019	15/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN PRIMEIRA E ÚLTIMA DA OBRA INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL NO LUGAR DE ABRIGOSA, SAN VICENTE DE VIGO, CARRAL (SUBVENCIONADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DA XUNTA DE GALICIA AO ABEIRO DA ORDE DO 18 DE DECEMBRO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA A CREACIÓN E /OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, PARA O ANO 2019).
516/2019	15/11/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 68/2019
517/2019	18/11/2019	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CAÑÁS E SAN VICENTE DE VIGO (FINANCIADA CON CARGO A LA SUBVENCIÓN DE LA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DE LA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DE LA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 28-12-2018; OTORGAMIENTO, RESOLUCIÓN 16-05-2019)
518/2019	19/11/2019	ASUNTO: RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 11 (JOSÉ MANUEL PÉREZ ENRÍQUEZ)
519/2019	19/11/2019	ASUNTO: RENOVACIÓN INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 12 (DOBERMAN - IMPERIA- JOSÉ MANUEL PÉREZ ENRÍQUEZ)
520/2019	19/11/2019	ASUNTO: RENOVACIÓN INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 13 (DOBERMAN - SOULT- JOSÉ MANUEL PÉREZ ENRÍQUEZ)
521/2019	20/11/2019	ASUNTO: XUSTIFICACION DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 18/2019
522/2019	20/11/2019	ASUNTO: AUTORIZACION DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 19/2019
523/2019	20/11/2019	ASUNTO: APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DO ANTICIPO DE CAIXA FIXA 1/2019
524/2019	20/11/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 46/2019
525/2019	20/11/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 47/2019
526/2019	20/11/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 70/2019
527/2019	21/11/2019	ASUNTO: COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES OS DÍAS 22 DE NOVEMBRO E 23 DE DECEMBRO, E MODIFICACIÓN DE VACACIÓNS OS DÍAS 12 A 16 DE DECEMBRO DE 2019.
528/2019	21/11/2019	ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO DE MODIFICADO PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE TABEAIO E



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

529/2019	21/11/2019	SERGUDE, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2019 ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO DE MODIFICADO DE PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS NA PARROQUIA DE SANTO ESTEVO DE PALEO, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2019
530/2019	21/11/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 5/2019 (7/2019 DE COMISIÓN INFORMATIVAS), ORDINARIA, 26-11-2019
531/2019	25/11/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 69/2019
532/2019	26/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS REALIZADOS EN RELACIÓN AOS PAGOS REALIZADOS DE ANUALIDADE DA ACTIVIDADE DE PILATES POR DONA INMACULADA MANTIÑÁN ÍNSUA (32803009H)
533/2019	26/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS REALIZADOS EN RELACIÓN AOS PAGOS REALIZADOS DE DÚAS MENSUALIDADES DE PILATES POR DONA LAURA GABRIELA HERMIDA FERNÁNDEZ POR NON PODER CONTINUAR A ACTIVIDADE POR CAUSAS DE SAÚDE XUSTIFICADAS
534/2019	26/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS REALIZADOS EN RELACIÓN AOS PAGOS REALIZADOS PARA OS CURSOS DE NATACIÓN PARA BEBÉS POR DONA MARÍA MACEDO (Y-4855324-S)
535/2019	26/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS REALIZADOS EN RELACIÓN AOS PAGOS REALIZADOS PARA OS CURSOS DE NATACIÓN DURANTE A SEGUNDA QUINCENA DE XULLO, PRESENTADA POR D. GERARDO ENRIQUE LAMEIRO MARTÍNEZ (32 942 127 D).
536/2019	26/11/2019	ASUNTO: INSCRICIÓN REXISTRO ANIMAIS DE COMPAÑÍA 5/2019 (Nº 108- CAN, CANICHE- CUORE-; Nº 109- CAN, CANICHE- KAOBA-; Nº 110- CAN, CANICHE- KUBBA-; E Nº 111- CAN, CANICHE- COLLETE-; ALEJANDRO ANTONIO CUZA RIVERO)
537/2019	26/11/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 10/2019 (6/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA, 29 DE NOVEMBRO DE 2019

7.-MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que ningún dos voceiros dos grupos municipais que compoñen a Corporación indican que si, pásase ao tratamento do seguinte punto da orde do día.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

8.-ROGOS E PREGUNTAS.

8.1.-Rogos e preguntas da señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita)

1.-A señora Duarte Gerpe manifesta que leu na prensa que o señor Alcalde, coma representante do Concello de Carral, votou en contra da elección do Presidente do Consorcio das Mariñas. Opina que a decisión debería ser por consenso dos dous grupos que sustentan ao goberno municipal e pregunta se o grupo municipal do PSdeG-PSOE está a favor de tal voto en contra ou non.

2.-Manifesta que faltan algunhas árbores no Campo da Feira e opina que iso supón un perigo para as persoas maiores, porque os alcorques se convirten en lameiras, polo que roga que se bote saburra neles.

3.-Manifesta que na Costa do Pincho, entre a Taberna XXI e A Brexa, moitos días está apagada a iluminación pública ou acende tarde, polo que solicita que se mire o problema, por se se debeu a un accidente cun camiión ou é por outros motivos.

4.- indica que, cando se ditou a normativa para establecer a distancia de seguridade das árbores ás beiras das estradas e das beirarrúas, para que non caian nos temporais, pasouse un listado ao departamento municipal de Medio Ambiente sobre os casos problemáticos e considera que, aínda que non sexa competencia do Concello nalgúns casos, debería esixir ás outras Administracións que esixan o seu cumprimento pois coida que a veciñanza ten dereito a non sufrir ese perigo. Pon o exemplo de que a Costa de Égoa cara a Novás está, na súa opinión, intransitable, pois caeron árbores o día do último temporal se esvara cara á beiravía e, se vén outro coche de fronte, se pode acabar fóra da estrada. Pensa que o seguro non se fai cargo dese tipo de sinistros máis ca unha vez e opina que todos os veciños teñen interese en que a vexetación siga cortada e non se deixe que invada as vías outra vez.


5.- Pregunta en que estado se atopa a finca en Cabrois en relación coa cal se asinou un convenio para situar unha caseta para un local social, co compromiso coa propietaria da parcela para mantela limpa.

6.- No tocante ao monte no que aconteceu o accidente do rally, que foi comprado polo Concello, espera e roga que se adecente e acondicione. Na súa opinión, non fai falla poñer nada, mais habería que adecentalo para que os familiares ou veciños poidan estar nese campo pensando.

7.-Solicita que se manteñan os parques infantís das parroquias pois, na súa opinión, deixan moito que desexar. Felicita polo estado no que está o de Carral, mais opina que, xa que os veciños pagan igual polo servizo de limpeza, deberían estar igual de limpos 8 e pon coma exemplo o de Cañas que, na súa opinión, está cheo de follas).

8.- Manifesta que o parque da escola de Tabeaio, na súa opinión, precioso, mais opina que o caucho xa parece herba e que habería que limpalo.

9.- Roga que se vaia mirar a ruta dos Muíños, pois na época do anterior goberno municipal se gastaron case 50.000 € para o acondicionamento deses muíños, do que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

estaban orgullosos, mais, na súa opinión, hai que facer mantemento e non deixar que a auga arrastre elementos. Engade que a rozadora levou por diante varios sinais e que non se repuxeron. Opina que habería que facer o percorrido de 12 Km entre a Costa da Égoa e Paleo, como dixo ter feito moitas veces ela.

10.- Indica que na zona de Beira hai un lavadoiro con píntegatas protexidas e que, na súa opinión, está todo abandonado e non se ve coa maleza.

11.- En relación coas pistas deportivas, considera que hai nelas a mesma porcallada hoxe que hai oito meses, e trozos de madeira podres nos mesmos sitios. Opina que os membros do equipo de goberno municipal teñen moito que mirar e tempo para facelo.

12.- Roga que se mire o muro de contención da pista de Herves, pois hai nel toxos que levan máis dun ano. Considera que o responsable municipal debería velo cada mes, e que lle vai o soldo en apuntalo.

13.- Considera que está a chover dentro do local social de Herves.

14.- Pregunta como están os contratos das obras dos centros sociais de San Vicente e das Travesas.


15.- Pregunta onde están os maiores a xogar ás cartas, pois disuqe os mandaron á Casa da Xuventude.

16.- Manifesta que o equipo de goberno municipal anterior tiña asinado un convenio para un Centro de Día [O señor Couto López, do grupo municipal do PSdeG-PSOE replica que é mentira, e o señor Alcalde pídelles que a deixe falar]. A señora Duarte continúa dicindo que , se non, era para un local social para maiores ou “*como o queiran chamar*” , e pregunta se se vai deixar perder a axuda obtida mediante tal convenio.

17.- Pregunta quen controla á empresa que organiza os bailes da terceira idade que, segundo manifesta, lles dá viño.

18.-Pregunta se hai alimentos no banco municipal de alimentos para emerxencias sociais, e cantas familias necesitadas hai arestora. Pregunta se se segue a facer recollida de alimentos pois, segundo indica, hai cinco meses se colleron iogures e leite caducados. Pregunta que partida orzamentaria queda para esa finalidade e lembra que o señor Couto propuña cando estaba na oposición que se destinasen 30.000 €. Pide que, polo menos, se faga o que di que facía ela con 10.000 € e coas doazóns de La Caixa.

19.- Opina que a campaña de comercio deste ano, no que se cumpre o seu 25 aniversario, se está a facer “*tarde, mal e a rastras*” porque seica din que “*non hai que facer as cousas que facía Florinda*”. Engade que xa a facían Vales e Revilla, e que ela a foi cambiando mais deixou o que consideraba que estaba ben feito, pois considera que non se pode “*tirar con todo o que había*”. Engade que le parece ben o concurso de tapas e felicita ao equipo de goberno por iso, mais opina que non se debe cambiar por cambiar. Opina que todas as obras que se están a executar son do goberno anterior, e opina que o actual está a vivir de rendas e nada máis.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

20.- Pregunta por que non se fan actividades no colexio, de debuxo ou informática para fomentar a conciliación. Considera que non se deben deixar arrastrar polo que diga o centro, se non que se debe pensar máis nas familias. Engade que dende setembro os nenos nin teñen actividades no pavillón.

21.- Pregunta cantos niños de velutinas se retiraron este ano. Indica que hai un convenio asinado polo Concello coa Xunta de Galicia para retiralos. Pide que o miren e que falen cos técnicos, e que respecten o que había. Pregunta cantos cartos se levan gastados niso, e se hai unha partida orzamentaria e unha empresa contratada ao efecto, pois os veciños din que o concelleiro lles manda unha empresa e dilles que teñen que pagalo.

O señor Alcalde chama a atención ao público para que garde silencio e o señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) apunta que non se puxo ningunha norma ao respecto nin no ROF nin no ROM, e que non é normal que o público fale. O señor Alcalde replícalle que non se preocupe e que estea tranquilo, que a sesión xa a dirixe el.

A señora Duarte manifesta que o normal é que nos plenos estea a Policía Local, e o señor Alcalde preguntalle se estivo en todas as sesións plenarias dos últimos 16 anos.


22.- Manifesta que lle din (e que non ten que dar por certo o que di que lle din), que Carral está cheo de ratas, e que incluso están entrando nos comercios. Explica que o equipo de goberno anterior contrataba a unha empresa para desinfectar e desratizar o colexio, e que facía ao mesmo tempo todo o concello, e que están as facturas. Opina que para iso está a técnica de Medio Ambiente.

23.- Indica que recentemente houbo un atropelo na N550 e pregunta en que situación se atopa a contratación dos traballos en pasos de peóns financiados pola Deputación. Pregunta por que non funciona o paso de peóns que custou 10.000 € (o señor Alcalde puntualiza que o custe foi de 12.000 €), e por que non se fixeron os traballos previstos nos pasos do Eroski, do monumento aos Mártires e de Tabeaio.

O señor Alcalde preguntalle á señora Duarte se rematou xa de expoñer, e ela indica que pedirá unha reunión para que lle atenda ás preguntas que ten, e engade que, se poñan como se poñan, non a van amedrentar. O señor Alcalde replícalle que pode estar toda a noite.

8.2.-Respostas do señor Alcalde.

O señor Alcalde explica que no Consorcio se votou á Presidencia, e que ela pode estar de acordo ou non, mais que votou segundo o que estimou conveniente, e engade que tamén o Alcalde de Sada votou en contra. Manifesta que Oleiros quere que actúen no Consorcio os seus Secretaria e Interventor, mais iso non pode ser porque non son habilitados nacionais. A señora Duarte pregunta se estaba de acordo o PSOE e o señor Alcalde pídelles que non interrompa. O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) resposta que estaba totalmente de acordo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Manifesta que os buratos do Campo da Feira deben de levar os trinta anos que leva no Concello.

No tocante á costa do Pincho, dálle a palabra ao señor Caamaño Rodríguez (grupo municipal de AdV de Carral), quen explica que hai un problema coa empresa que puxo o tendido en Río de Canles, e que tamén se está a ver se pode ser un problema co reloxo astronómico.

O señor Alcalde pregunta cantos anos levaba facendo a limpeza de árbores o equipo de goberno anterior.

En canto á finca de Cabrois, o señor Alcalde explica que foi el quen falou coa propietaria, pois é a súa curmá, e que se montou por iso. Engade que o convenio se vai cumprir e que xa saben que a teñen que arranxar.

En canto á finca onde aconteceu o accidente do rally, manifesta que tentarán limpala, mais opina que se podería ter posto algo na beiravía sen necesidade de comprar todo o monte.

En canto ao que dixo a señora Duarte sobre a limpeza dos parques, considera que en seis meses non se poden poñer como ela di que están.


En canto ao seu soldo, o señor Alcalde opina que o gaña moi ben, de oito a tres todos os días e algunha tarde, o que considera que non facía ela. A señora Duarte replica que o señor Alcalde, antes de selo, comía algunha vez galletas destinadas a emerxencia social, e que está o persoal de Servizos Sociais para testemuñalo, e o señor Alcalde replica que “*comía as caducadas*”.

O señor Alcalde manifesta tamén que é unha desgracia que en seis meses estea todo destrozado, ou que se encha todo de toxos en Beira. No tocante ás pistas polideportivas, manifesta que el xogou moito ao tenis nelas, e que xa estaban “*cheas de merda*”.

No tocante ao lavadoiro do que fala a señora Duarte, o señor Caamaño Rodríguez explica que se pasou por alí en setembro, e que o que hai son fieitos reais que non se poden cortar, e que el nunca viu pínegas alí. Engade que xa non se ve o lavadoiro porque xa case non existe, pois só quedan catro columnas.

En canto aos locais sociais, o señor Alcalde explica que neles xa caía auga antes de comezar este equipo de goberno, e o señor Caamaño Rodríguez engade que hai máis con pingueiras có de Herves, que se tentaron amañar co seguro mais non se puido e que, en calquera caso, non se poden reparar chovendo.

Sobre o “*Centro de maiores*”, o señor Alcalde manifesta que non sabe quen lle dixo que o solicitado era un “*Centro de día*”. A solicitude do señor Alcalde, o señor Couto López explica que foron falar co xerente do Consorcio xa que a obra non estaba contratada cando comezou este equipo de goberno, e indica que lles recoñeceu que se trataba máis ben dun centro de maiores para xogar ás cartas. Engade que pediron que se mantivesen os cartos do convenio, e que o PSOE presentou unha alegación aos orzamentos da Xunta para facer un Centro de día, e que están pendentes de que os técnicos determinen se vale o local para aloxar un Centro de día e que falta para que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

non sexa un mero lugar para xogar ás cartas. Explica que, ao non facerse as obras, os cartos da subvención se perden, mais que este equipo de goberno non quería gastalos nun local para xogar ás cartas e que tentarán recuperalos. A señora Duarte resposta "Moi ben".

No referente ao banco de alimentos, o señor Alcalde considera que hai que ter pouca vergoña para dicir que ía xantar alí todos os días, e a señora Duarte replica: "A que tiña que ter el".

Sobre a Campaña de Comercio, o señor Alcalde manifesta que as que facían, na súa opinión, daban vergoña, pois regalaban unha galiña, unha gaiola e unha carreta para carretar á galiña. A concelleira de Comercio, a señora Vázquez Mouriño (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que ela non sinte vergoña, e que cada un fai as cousas como lle parece; engade que ela considerou que era mellor idea para mover o comercio, en vez de dicirlles que colaborasen con cartos, establecer premios con vales para volver consumir no comercio de Carral, e que servisen para coñecer outros comercios diferentes daqueles aos que se adoita ir. (A señora Duarte replica que non lle parece mal). A señora Vázquez engade que a campaña se chama "XXV Campaña de Comercio" e que, aínda que lle "colleu un pouco o touro", está a aprender e tenta facer as cousas "con todo o cariño do mundo".


O señor Alcalde pregúntase de novo se a Policía Local asistía a todos os plenos, e manifesta que non viñan, porque, na súa opinión, "se levaban a matar" co anterior equipo de goberno.

Pregúntase tamén o señor Alcalde se a invasión de ratas tamén veu nos últimos seis meses, e engade que a el aínda non lle mordeu ningunha.

Sobre as actividades extraescolares, a Concelleira de Educación, señora Caridad López (grupo municipal da AdV de Carral), a quen cede a palabra o señor Alcalde, opina que a señora Duarte debería enteirarse antes de falar, pois indica que ela vai con frecuencia ao colexio de Tabeaio e a directora sempre lle manifesta que está encantada. Pregúntalle se sabe que están a facer unha obra no colexio, e opina que a señora Duarte vén acusalos para ver se lles "collen manía", mais "non vai colar". Explica que as actividades extraescolares se supeditaron á seguridade dos nenos e que ningún pai protestou, e que están encantados porque saben que cómpre facer as obras.

Pola súa banda, o señor Caamaño Rodríguez, a quen cede a palabra o señor Alcalde, pide á señora Duarte que explique quen lle dixo que, en relación coas velutinas, o remitira a unha empresa que lle cobrase. Explica que este ano ninguén sabía nada ao respecto, agás o señor Barbeito Rey (grupo municipal do PP), que lle deu algunha explicación. Engade que estivo cunha empresa para axudar na retirada e que agora a está a facer el, e que non se pediu diñeiro a ninguén. Explica asemade que este ano se retiraron 150 niños de velutinas.

8.3.-Rogos e preguntas do señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1.-O señor Fernández Mouriño manifesta que lle quedaron dúbidas en relación a cuestións que non contestaron e , no tocante ao Consorcio, opina que non debe quedar así e recomenda que siga o consenso á hora de votar, como di que se fixo sempre dende a súa creación. Explica que o Alcalde Vales o chamaba coma xefe da oposición para adoptar as posturas. Engade que o presidente era Julio Sacristán, o entón Alcalde de Culleredo, e que o cargo logo pasou a "Pepín" de Bergondo. Explica que Julio Santiso sempre foi elixido por unanimidade e non lle parece serio que houbera unha votación a favor ou en contra sen preguntar á Corporación. Engade que tamén lle sorprende que ao señor Couto lle pareza ben votar por Oleiros en lugar do que votaron os outros (e explica que o Alcalde de Sada está sustentado polas Mareas e por dous concelleiros de AdV).Manifesta que lle gustaría que cando haxa temas municipais "non faga o ridículo". Indica que o Concello de Oleiros é o único que non ten habilitados nacionais e que, mentres tanto, o Concello de Carral si pode presumir de telos na Secretaría, na Intervención e proximamente na Tesouraría. Reitera o seu rogo ao señor Alcalde para que, cando haxa algunha decisión que deban saber todos os veciños, polo menos chame aos voceiros dos grupos . Opina que o señor Alcalde fixo o ridículo sabendo que ían perder, lémbrale que Carral ten obradoiros comúns con Abegondo ou Bergondo, e pide ao señor Alcalde que teña autonomía propia coma tal, e que se sustente na Corporación, que, na súa opinión, o defenderá nestes temas.

2.- Explica que ao equipo de goberno anterior lle esixían contratar en dous meses os servizos de axuda no fogar e de limpeza viaría e xardinaría, e pregunta cando teñen previsto facelo.

3.- Sobre o "Centro de día" previsto, aínda que explica que o título do proxecto puña "Centro de maiores", considera que o equipo de goberno actual perdeu a subvención por "cabzonería", pois considera que a obra civil que se financiaba coa subvención, con independencia do que se determinase para a xestión, conlevaba todo o que ten que ter un centro de día (baños adaptados, cociña, zonas de ocio, comedor, zona de memoria ou salas de rehabilitación e curas. Manifesta que entende que se reformulen convenios coma o dos pasos de peóns, no que acertarán ou non, mais non que se perda unha subvención de 150.000 € que era para facer obra civil. Explica que el estivo no centro de día de Miño e que ten as mesmas salas que as propostas. Opina que nos 486 m2 do Víctor Velasco colle todo iso, e que conta cun patio de case 600 m2, aínda que se chame como queiran. Pide que paren de dicir que non era un centro de día. Explica que , aínda que a Xunta de Galicia non ía aceptar a súa xestión , podería contratarse cunha empresa externa. Reitera que, na súa opinión, perderon 150.000 € para a obra civil por "cabzonería". Por outra banda, considera que o Alcalde ten a obriga de esixir á Policía Local que estea no salón de plenos, e opina que non facelo é unha irresponsabilidade pola súa banda.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE), a quen dá a palabra o señor Alcalde, indica que está por ir buscar o proxecto do local social para persoas maiores. Engade que, na súa opinión, é unha política da dereita e da ultradereita repetir mentiras. Explica que foron ao Consorcio se Servizos de Igualdade e Benestar para pedir que adaptasen o convenio, xa que o equipo de goberno anterior tiña o proxecto



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

feito mais non licitara a obra, e en agosto se atoparon con que tiña que estar finalizada antes do 15 de decembro, xa que os cartos tiñan que estar gastados en 2019. Engade que falarán de colgar o proxecto na páxina web do Concello para que se saiba de que se fala.

Por outra banda, en relación cos pasos de peóns, o señor Couto López explica que se pagaron 12.000 € polo que se fixo, mentres que no proxecto estaban valorados en 6.000 € polo que, ou foi moi caro, ou son poucos cartos os do proxecto e quedaría deserto se se licitase. Explica que, antes de facer o ridículo de que a licitación quedase deserta, creron que era mellor falar con todos os implicados, e manifesta que ninguén entende como vale 6.000 € nun sitio e 13.000 €, polo que non se sabe moi ben como "*sair dese entuerto*". Engade que a barbacana de aproximación do Eroski se vai facer con operarios municipais e que se van instalar sinais. Engade que o convenio coa Deputación vence en xuño de 2021e que, cando lles expliquen as cuestións indicadas, farán os modificados necesarios para que sexa executable.

O señor Fernández Mouriño manifesta que o único que pide é que, coma enxeñeiro, acerte nas súas decisións, e que "*non se lle metan cousas na cabeza*", e engade que o seu grupo vai estar sempre á súa disposición.

Ás **22:00** horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval